



Fran Herbello. Sen título. 2005

PUNTA UMBRÍA

interrogaches que había detrás do pano

así foi como descubrimos esta illa:
cun xesto único

despois, aos poucos,
aos moi poucos
fomos izando o noso amor de cabo en cabo

eu sabía pronunciar
Machichaco, onde as anciás murmuraban cancións
ao ritmo dos morteiros
ou Finisterre
onde se lle entrega todo ao lume
ao coñecer que o camiño remata
ou Estaca de Bares, con tabernas ou vampiros
ou homes con boina que xogan ás cartas malhumorados
e beben viño, moito viño
rebordando

pola contra
eu non sabía pronunciar
Punta Umbría
nin coñecía o teu xeito tan preciso
tan preciso
de querer ir sempre máis alá

ti botácheste a correr
pola masa de terra e exclamaches
quero abrirme contra o mar
como unha primavera se abre contra o mundo

ti soa eras un tropel

Tamara Andrés